

## Acordos de Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo

A Xunta de Escola da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, na súa xuntanza celebrada o día 17 de marzo de 2017, acordou<sup>1</sup>:

- Aprobar as actas correspondentes á sesión ordinaria do 1 de marzo de 2017 e á sesión extraordinaria do 10 de marzo de 2017.
- Aprobar a solicitude e o informe relativo á concesión da Axuda de Actividades extraacadémicas e de difusión cultural por parte da Vicerreitoría do Campus de Ourense para a actividade “Small Satellites: the university way to access space” do 22 de febreiro de 2017.
- Aprobar a solicitude da Axuda de Actividades extraacadémicas e de difusión cultural á Vicerreitoría do Campus de Ourense para a actividade “Tether Missions to Explore Moons of the Giant Outer Planets” de data 29 de marzo de 2017.
- Aprobar a delegación na Dirección da Escola dos acordos que se deben achegar ás solicitudes de actividades extraacadémicas e de difusión cultural, coa obriga de informar na Xunta de Escola.
- Aprobar os criterios de prelación no proceso de admisión por recoñecemento de 30 créditos ECTS.
- Aprobar a lista de material para docencia e administración e remitir a relación á Vicerreitoría de Economía e Planificación (comisionado de plans estratéxicos) para a súa adquisición.
- Aprobar os criterios de distribución da partida orzamentaria de material docente e oficina, para os departamentos que imparten docencia no centro.
- Aprobar que a comisión permanente estará composta polo equipo directivo, un membro de PDI con vinculación permanente, un membro do PDI sen vinculación permanente, un PAS e un ou unha estudante.
- Aprobar que a comisión académica e recoñecemento de créditos estará composta polo equipo directivo, dous membros do PDI, un PAS e un ou unha estudante.
- Que a comisión permanente estea composta polo equipo directivo e polos seguintes membros: Humberto Michinel Álvarez (PDI con vinculación permanente), Ángel Paredes Galán (PDI sen vinculación permanente), Josefina Cadilla Lomba (PAS), e Raquel Ardao Suárez (estudiante).
- Que a comisión académica e de recoñecemento de créditos estea composta polo equipo directivo e polos seguintes membros: José Ramón Salgueiro Piñeiro (PDI), Ramón Meijón Padín (PAS), Gema González-Redondo Pérez (estudiante). Queda vacante un posto do sector PDI.
- Que José Ramón Salgueiro Piñeiro sexa o coordinador de primeiro curso.
- Deixar vacante o posto de coordinador de segundo curso ata que se aprrobe o POD do curso 2017/2018.
- Que o director, Arno Formella, sexa o coordinador de Grao.

<sup>1</sup>Toda a documentación orixinal pode consultarse na Secretaría de Dirección

- Aprobar a modificación do Anexo V (distribución da bolsa de recoñecementos docentes entre o profesorado para o curso 2017/2018).
- Aprobar a proposta inicial de internacionalización do centro.

Ourense, 21 de marzo de 2017  
O secretario

Diego González Salgado

**Dilixencia para facer constar** que o presente escrito se publica oficialmente no taboleiro do centro e na páxina web da E.E.A.E, o día 21 de marzo de 2017.

O secretario

Diego González Salgado